PROXECTO CERTERA

O proxecto CERTERA (Consorcio Estatal de Redes para el Desarrollo de Medicamentos de Terapia Avanzada) e unha iniciativa estratéxica nacional que ten o obxetivo primordial do impulso o desenrrolo e fabricación de Medicamentos de Terapias Avanzadas. Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU

O proxecto CERTERA (Consorcio Estatal de Redes para o Desenvolvemento de Medicamentos de Terapia Avanzada) é unha iniciativa estratéxica nacional co obxectivo primordial de impulsar o desenvolvemento e a fabricación de Medicamentos de Terapias Avanzadas. Como parte deste consorcio, Galaria e o Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia, en colaboración cunha rede de hospitais e a Fundació Clínic per á Recerca Biomèdica (FCRB), pretenden aumentar a capacidade de produción de terapias de última xeración baseadas en células T con receptores de antígenos quiméricos (CAR-T), así como acelerar os ensaios clínicos e facilitar o acceso dos pacientes a estas terapias.

Ademais do imprescindible soporte económico para o desenvolvemento e a produción, o financiamento de CERTERA permitiu a incorporación de capital humano clave, un factor esencial para a estabilidade e o cumprimento regulatorio a longo prazo. En concreto, sumouse ao equipo dúas Técnicas de Laboratorio, un Técnico de Mantemento e unha Titulada Superior Experta.

Este proxecto está financiado con cargo ao expediente CERT22/00066 concedido pola Dirección do Instituto de Saúde Carlos III mediante Resolución do 18 de xullo de 2025 pola que se modifica a Resolución do 4 de decembro de 2023 pola que se conceden subvencións para a selección e financiamento dos integrantes do Consorcio Estatal en Rede para o desenvolvemento de Medicamentos de Terapias Avanzadas (CERTERA), no marco do PERTE para a Saúde de Vangarda e con cargo aos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - *Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*. Compoñente 17: Reforma institucional e fortalecemento das capacidades do sistema nacional de ciencia, tecnoloxía e innovación. investimento é C17.I6 Saúde (PERTE Saúde de Vangarda).

